



SECCIÓN PARA A WEB DO GABINETE DE IGUALDADE

**2026: 12 meses de sensibilización en prol da
IGUALDADE NOS COIDADOS DESDE A CORRESPONSABILIDADE**

Maio, 2026

Novos dereitos de conciliación corresponsable

A desigualdade perpetúase, sobre todo, por falta de corresponsabilidade nos coidados e tarefas domésticas. Velaí a razón de que as primeiras entregas da campaña se centran nos principais dereitos vixentes no Estatuto das Persoas Traballadoras (en adiante, ET) en materia de conciliación, facendo fincapé na súa natureza «individual e intransferible».

Ademais, inclúiranse tamén as modificacións similares realizadas sobre o Estatuto Básico das persoas empregadas públicas (en adiante, EBEP).

Estes dereitos, cuxa finalidade é promover a conciliación real da vida familiar e laboral mediante o compromiso dos homes e da sociedade (empresas) coa corresponsabilidade familiar, nacen das últimas modificacións do ET e do EBEP, desenvolvidas en varias regulacións sucesivas: o *Real decreto lei 5/2023*, o *Real decreto lei 2/2024* e o *Real decreto lei 9/2025*. Estes decretos traspoñen en España a *Directiva 2019/1158* do Parlamento Europeo e do Consello, de 20 de xuño de 2019, relativa á conciliación da vida familiar e a vida profesional de persoas proxenitoras e coidadoras.

Así, tras as modificacións reguladas nos devanditos decretos, no ET e no EBEP recóllense varios artigos que abordan os dereitos de conciliación desde unha perspectiva corresponsable.

A continuación, reproducimos algúns exemplos:

Co financiamento de:



Estatuto das persoas traballadoras

Artigo 48. *Suspensión con reserva de posto de traballo* (continuación da entrega do mes de abril):

Apartado 6.

No suposto de discapacidade do fillo ou filla no nacemento, adopción, en situación de garda con fins de adopción ou de acollida, a suspensión do contrato a que se refiren os apartados 4 e 5¹ terá unha duración adicional de dúas semanas, unha para cada unha das persoas proxenitoras. Igual ampliación procederá no suposto de nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollida múltiple por cada fillo ou filla distinta do primeiro. No caso de haber unha única persoa proxenitora, esta poderá gozar das ampliacións completas previstas neste apartado para o caso de familias con dúas persoas proxenitoras.

Estatuto básico das persoas empregadas públicas

Artigo 47. *Xornada de traballo do funcionariado público*

[...]

2. As Administracións públicas adoptarán medidas de flexibilización horaria para garantir a conciliación da vida familiar e laboral das persoas empregadas públicas que teñan ao seu cargo fillos e fillas menores de doce anos, así como das persoas empregadas públicas que teñan necesidades de coidado respecto dos fillos e fillas maiores de doce anos, o cónxuxe ou parella de feito, familiares por consanguinidade ata o segundo grao, así como doutras persoas que convivan no mesmo domicilio e que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade non poidan valerse por si mesmas.

Artigo 48. *Permisos das persoas funcionarias públicas*

As persoas funcionarias terán os seguintes permisos:

a) Por accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise de repouso domiciliario do cónxuxe, parella de feito ou parentes ata o primeiro grao por consanguinidade ou afinidade, así como de

¹ Recollidos na entrega do mes pasado desta Campaña do Gabinete de Igualdade.

calquera outra persoa distinta das anteriores que conviva co funcionario ou funcionaria no mesmo domicilio e que requira o coidado efectivo daquela, cinco días hábiles.

Cando se trate de accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise de repouso domiciliario, en familiar dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade, o permiso será de catro días hábiles.

Cando se trate de falecemento de cónxuxe, parella de feito ou familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, tres días hábiles cando o suceso se produza na mesma localidade, e cinco días hábiles cando sexa en distinta localidade. No caso de falecemento de familiar dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade, o permiso será de dous días hábiles cando se produza na mesma localidade e de catro días hábiles cando sexa en distinta localidade.

l) Por matrimonio ou rexistro ou constitución formalizada por documento público de parella de feito, quince días.